



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 6 DE ABRIL DE 2020

2.- Adopción de medidas en relación coa crise sanitaria provocada por mor do "COVID-19".

2.1 Dación de contas da paralización dos seguintes contratos de obra:

Rehabilitación do edificio "Casa das Máquinas". Fase 1. Dáse conta.

Reurbanización da Rúa Clara Campoamor. Dáse conta.

2.3 Medidas fiscais para mitigar o impacto económico da COVID19. Debatéronse as propostas en relación as medidas fiscais que se elevarán a pleno. Esta medidas xa foran presentadas na Xunta de Goberno do 25 de marzo de 2020; nas que se acordara incoar os procedementos necesarios para que:

- En relación co imposto de bens inmobles, se habilite un novo prazo para poder acollerse ao sistema especial de pago ata o 31 de maio do 2020. Isto permitirá poder pagar o tributo en tres prazos (5 de xullo, 5 de setembro e 5 de novembro), sen intereses.

-En relación coa taxa de lixo, para actividades afectadas pola declaración do estado de alarma, que non se aplique a cota variable do tributo durante o período de tempo no que deban de permanecer pechados.

- En relación coa taxa por ocupación do dominio público por mesas e cadeiras, que se minore o importe do recibo polo tempo no que non se puido ocupar o dominio público como consecuencia do estado de alarma.

A concelleira de Economía, Facenda Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, Marta Abal informou que, para levar a cabo estas medidas, habería que modificar a ordenanza 0.00 da "Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección de tributos e doutros ingresos de dereitos públicos"; e a ordenanza 3.24 de "Taxa pola utilización privativa e aproveitamento especial do dominio público local".

3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aceptación da cesión de viario gratuita e libre de cargas formalizada, e conceder licenza para parcelamento en rúa Monte do Seixo, 51-53 e rúa Pedro Cabezas González, 16. LIC/265/2019.

Apróbase a proposta.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para segregación de parcela en Busto-Berdía. LIC/1466/2019.

Apróbase a proposta.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para parcelamento en rúa do Home Santo, 41. LIC/1423/2019.

Apróbase a proposta.

6.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do "Proxecto de substitución do céspede sintético e do peche perimetral do CF de As Cancelas". Apróbase a proposta de actuación que se desenvolverá fundamentalmente na superficie do terreo de xogo do campo de fútbol, na substitución do peche perimetral de bloque de formigón actual e na zona existente entre o campo de fútbol e o peche. O obxectivo do proxecto é a mellora das condicións do terreo de xogo, coa execución dun sistema de céspede artificial de última xeración e a mellora das instalacións de rego e drenaxe do terreo de xogo, así como a construción dunha zona de quecemento

anexa ao campo coas mesmas características do céspede sintético que o campo principal. Proxectarase un novo peche perimetral en substitución do actual de bloques de formigón dado o mal estado do mesmo. O proxecto conta cun orzamento, IVE incluído, de 439.998,72 euros.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais, Barrios e Obras relativa á suspensión do contrato de servizos denominado "Saúde paso a paso" nos centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela. Acórdase a suspensión do contrato de servizos denominado "Saúde paso a paso" adxudicado á empresa EULEN S.A, xa que se considera que concorren as circunstancias e motivacións contidos no artigo 34.1 do RD Lei 8/2020 para apreciar a imposibilidade da execución do contrato e polo tanto a pertinencia de acordar a suspensión con efectos dende o 16 de marzo de 2020 e ata que se poida retomar a prestación por ter cesado as circunstancias que o motivaron, momento no que o órgano da contratación deberá notificar ao contratista o final da suspensión.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais, Barrios e Obras relativa á suspensión do contrato de servizos denominado "Proxecto pedagóxico de teatro comunitario" nos centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela. Acórdase a suspensión do contrato de servizos denominado "Proxecto pedagóxico de teatro comunitario", do que é adxudicatario a empresa PRODUCCIONES TEATRAIS TALIA, SL, xa que se considera que concorren as circunstancias e motivacións contidos no artigo 34.1 do RD Lei 8/2020 para apreciar a imposibilidade da execución do contrato e polo tanto a pertinencia de acordar a suspensión con efectos dende o 16 de marzo de 2020 e ata que se poida retomar a prestación por ter cesado as circunstancias que o motivaron, momento no que o órgano da contratación deberá notificar ao contratista o final da suspensión. Ademais, requiriráselle á empresa a relación de medios persoais e materiais adscritos á execución do contrato, tal e como recolle o Real Decreto, ao non apartalos con solicitude de suspensión.

9.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á continuidade na execución do contrato de " Xestión do Servizo de Recollida de Residuos Urbanos e Limpeza Viaria do Concello de Santiago de Compostela". Acordouse dar orde á empresa URBASER SA, actual adxudicatario do contrato de xestión por concesión administrativa do servizo de recollida de residuos urbanos e limpeza viaria no termo municipal de Santiago de Compostela, que continúe coa prestación dos servizos a partir do 10 de abril de 2020 nas mesmas condicións baixo as que o viña facendo de conformidade co contrato anterior e polo tempo imprescindible para adxudicar un novo contrato que se estima nun período máximo de 9 meses.

10.- Proposta da alcaldía relativa á interposición de recurso de reposición contra a Sentenza nº 13/2020, ditada no recurso de apelación 228/2019. Acórdase a interposición dun recurso de casación por interese casacional contra dita sentenza da Sección 6ª da Audiencia Provincial da Coruña, por ser desfavorable aos intereses municipais.

11.- Recoñecemento extraxudicial de créditos. Apróbase a proposta extraxudicial de crédito formulada polo Servizo de Tráfico relativa aos gastos de prestación do servizo de mantemento e conservación do sistema de control do túnel do Hórreo no período do 15 ao 29 de febreiro, e a aprobación de indemnización substitutiva por importe de 20.797,31 euros a favor de KAPSCH TRAFFICOM TRANSPORTATION SA incluídos na factura F/2020/848.

12.- Dación de conta das actas do Centro de Coordinación Operativo Local (CECOPAL). Dáse conta das devanditas actas.

URXENCIAS

-Proposta relativa á reasignación de supervisores do contrato do "Servizo para a execución de diversas operacións de conservación, mantemento e reparación de pavimentos nos viarios municipais do termo municipal excluído o ámbito do recinto intramuros da cidade histórica de Santiago de Compostela (2018-2020)". Lote 1: Viarios con pavimentos asfálticos. Lote 2: viarios con pavimentos non asfálticos. Lote 3: viarios sen pavimentos de rodadura específicos. Apróbase a proposta.

-Proposta para iniciar o procedemento de resolución de contrato de prestación do "Servizo de vixilancia das instalacións da UMAD". Apróbase a proposta para a resolución do contrato de prestación do "Servizo de vixilancia das instalacións da UMAD", formalizado coa empresa SERVICIOS

Departamento de Prensa. Tfno: 981 54 31 09. Fax: 981 58 96 88. E-mail:
prensa@santiagodecompostela.org

DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTEMENTOS A-1 SL. Por incumprimento da obriga esencial da execución do obxecto do contrato, en aplicación do establecido no art. 223f do TRLCSP, outorgándose á empresa e ao avalista audiencia por prazo de 10 días naturais aos efectos de que pida coñecer os concretos termos da proposta de resolución e manifestar a súa conformidade ou oposición á mesma.